

ENQUISA Ó ALUMNADO DE MÁSTER (Curso 2017/18)

Informe realizado en outubro 2018

A área de calidade da Facultade de Química da USC ten como obxecto fundamental a mellora continua da ensinanza ofertada no Centro, para o cal considera imprescindible recabar a opinión de tódolos colectivos implicados.

En concreto, a visión dos alumnos, que coñecen de primeira man as fortalezas e debilidades do sistema, é de gran valor porque permite detectar deficiencias e tomar medidas para minimizalas.

Con este fin, realizouse unha enquisa entre os alumnos que cursaron os Másters que se imparten na Facultade durante o curso 2017/18.

Segundo consta no Xescampus, o número total de alumnos matriculados nos másters nese curso foi 33: 18 alumnos no Máster en Investigación Química e Química Industrial, 14 alumnos no Máster en Química Orgánica e 1 alumno no Máster en Química Teórica.


A enquisa realizouse entre os días 4 e 24 de setembro de 2018 e nela preguntábase sobre aspectos específicos, que cremos non veñen sendo cubertos polas enquisas oficiais da USC.

A participación foi aceptable (9 respostas, 27,3 %).

A continuación se mostran as preguntas realizadas e unhas breves conclusións extraídas das respostas obtidas:

P1: Estoy estudiando el Máster....

Answered: 9 Skipped: 0




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS	
▼ Máster Universitario en Química Teórica y Modelización Computacional.	22,22%	2
▼ Máster Universitario en Química Orgánica.	44,44%	4
▼ Máster Universitario en Investigación Química y Química Industrial, en el itinerario de investigación.	33,33%	3
▼ Máster Universitario en Investigación Química y Química Industrial, en el itinerario de industrial.	0,00%	0
TOTAL		9

Participaron 4 alumnos do Máster en Química Orgánica, 1 alumno do Máster en Química Teórica (debeu haber algún erro ó cubrir a enquisa porque aparecen dúas respostas de alumnos deste máster cando no Xescampus só consta 1 matriculado), e 4 alumnos do Máster en Investigación Química e Química Industrial (aparecen 3 pero incluíuse aquí o alumno extra do máster anterior).

Ningún alumno da orientación industrial cubriu a enquisa.

P2: ¿Has estudiado el Grado en Química en la USC?

Answered: 9 Skipped: 0




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS	
▼ Sí.	55,56%	5
▼ No.	44,44%	4
TOTAL		9

Más da metade dos alumnos matriculados nos másters (55,5%) son graduados en Química pola USC.

P3: ¿Cómo conseguiste la información previa sobre el Máster?

Answered: 9 Skipped: 0




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS	
▼ A través de antiguos alumnos del máster.	33,33%	3
▼ A través del profesorado del grado.	0,00%	0
▼ A través del profesorado del propio máster.	11,11%	1
▼ A través de la página web de la Facultad.	55,56%	5
TOTAL		9

A páxina web é a principal fonte de información para un alumno que quere cursar un máster (55,5%). Os antigos alumnos do máster parecen ser tamén importantes á hora de recomendalo (33,3%). Sen embargo, chama a atención que ningún alumno conseguiu información dos másters a través do profesorado do Grao na Facultade.

P4: ¿Cuál ha sido el motivo principal para escoger este Máster?

Answered: 9 Skipped: 0




OPCIONES DE RESPUESTA

OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS	
▼ El hecho de que estuviera en Santiago de Compostela.	22,22%	2
▼ Sus contenidos y formación ofertada.	77,78%	7
▼ Su tasa de empleabilidad.	0,00%	0
▼ Estoy matriculado en él porque no me han aceptado en mi primera opción.	0,00%	0
TOTAL		9

Os contidos e a formación que os másters ofertan parecen ser o motivo principal para escollelos. Os alumnos non elixen o máster pola súa empleabilidade.

P5: ¿Cuál es tu opinión respecto a la organización académica del Máster?

Answered: 9 Skipped: 0




OPCIONES DE RESPUESTA

OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUESTAS	
▼ La distribución entre clases teóricas y trabajo experimental me parece adecuada.	33,33%	3
▼ El horario es demasiado ajustado, necesita alguna mejora.	44,44%	4
▼ La organización y distribución de clases no ha sido la adecuada.	22,22%	2
TOTAL		9

A maioría dos alumnos cre que o horario é demasiado axustado e que a distribución entre clases teóricas e traballo experimental debe ser optimizada.

P6: ¿Cuál es tu opinión respecto de los contenidos del Máster?

Answered: 9 Skipped: 0



OPCIONES DE RESPUESTA


▼ RESPUESTAS ▼

▼ Son avanzados y se han ajustado a mis expectativas.	55,56%	5
▼ Se solapan en cierto modo con los conocimientos ya adquiridos durante el grado.	22,22%	2
▼ No son tan completos como considero que deberían serlo o como esperaba que lo fueran.	22,22%	2
TOTAL		9

A maioría do alumnado está satisfeito co nivel dos contidos do Máster, aínda que unha porcentaxe significativa (22,2%) cre que os contidos teñen certo solapamento cos xa adquiridos durante o Grao.

P7: ¿Cuál es tu opinión sobre el porcentaje entre teoría y trabajo experimental?

Answered: 9 Skipped: 0



OPCIONES DE RESPUESTA

▼ RESPUESTAS ▼

▼ Me parece adecuado, la formación teórica es necesaria para subsanar posibles carencias arrastradas del grado.	44,44%	4
▼ Los porcentajes me parecen correctos, aunque es difícil compaginar las clases teóricas con el trabajo en el laboratorio.	33,33%	3
▼ Hay demasiada carga teórica, hubiera preferido un máster más experimental.	22,22%	2
TOTAL		9


Esta pregunta está relacionada coa pregunta nº 7.

De novo, a maioría dos alumnos cre que a relación teoría/traballo experimental é axeitada, pero se queixan de que é difícil compaginar ambos apartados.

Unha porcentaxe significativa (22,2%) considera o máster demasiado teórico.

P8: Siendo 1 la menor puntuación y 5 la mayor, mi satisfacción general con el Máster es de...

Answered: 9 Skipped: 0




OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUETAS	
▼ 1	0,00%	0
▼ 2	22,22%	2
▼ 3	44,44%	4
▼ 4	11,11%	1
▼ 5	22,22%	2
TOTAL		9

O 33,3 % dos alumnos está satisfeito/moi satisfeito (valoración 4/5) co máster que cursou. Pero a maioría (44,4%) mostra unha valoración intermedia (3) que reflicte certo descontento.

P9: ¿Crees que este Máster será beneficioso para tu futuro profesional?

Answered: 9 Skipped: 0



OPCIONES DE RESPUESTA	RESPUETAS	
▼ Si.	77,78%	7
▼ No.	22,22%	2
TOTAL		9

Aínda que da pregunta nº 4 parece deducirse que a empregabilidade do máster non foi un factor importante á hora de elelilo, nesta pregunta a gran maioría do alumnado (78%) cre que o máster será beneficioso para o seu futuro profesional.

P10: Si has cursado el MIQI-itinerario industrial, ¿Qué mejoras concretas sugerirías a partir de tu experiencia en la empresa?

Answered: 0 Skipped: 9

De novo, tal como se observa tamén na pregunta nº 1, ningún alumno do itinerario industrial cubriu a enquisa.

CONCLUSIÓNS e RECOMENDACIÓNS

. A participación non foi moi elevada. Sería convinte, nas reunións cos alumnos, explicarlles a importancia de expresar á súa opinión, xa que a súa experiencia pode axudarnos a ir mellorando cada ano.

. A maioría dos alumnos que se matriculan nun máster da Facultade son antigos alumnos do Grao, aínda que cada vez hai unha maior porcentaxe de alumnos de fóra. Esta porcentaxe debería ir aumentando, para o que a publicidade é fundamental.

. Os alumnos achegáanse ó master a través da páxina web. É un elemento clave que debe ser actualizada e optimizada ó máximo, xa que ademáis é a porta de acceso para os alumnos procedentes doutras universidades.

. O profesorado do Grao debería actuar como axente difusor e dinamizador dos másters que se imparten na Facultade.

. O horario e a distribución teoría/traballo experimental é obxecto de queixas. Parecen estar mal axustados e os alumnos pensan que ambos aspectos resultan difíciles de combinar.

. Aínda que a empregabilidade non é un factor que o alumnado considere importante para matricularse nun máster, debería traballarse máis este aspecto, sobre todo no itinerario industrial.

. O alumnado do itinerario industrial non participou na enquisa. Parece xa desligado da Facultade. Sería importante manter o contacto con eles despois de rematar o máster.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

Fdo: Susana López Estévez



Coordinadora de Calidade, Facultade de Química